



INSTRUCCIÓN DE CENTRO SEGUINDO AS RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO 27 DE ABRIL DE DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE E DO 23 DE ABRIL PARA CICLOS FORMATIVOS

Documentación de referencia para a elaboración das instrucións:

- Enlace á Resolución do 27 de abril para o desenvolvemento do 3º trimestre:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_3trimestre.pdf
- Enlace á Resolución do 28 de abril para a modificación das ABAU:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/30938>
- Enlace á Resolución do 23 de abril pola que se pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.:
http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8674
- Enlace á normativa estatal sobre as ABAU de 22 de abril:
https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-4576
- Enlace á normativa estatal respecto ao marco e directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021:
https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-4609
- As seguintes instrucións complementan e respectan o estipulado na normativa vixente. Para aquelas cuestións non concretadas nestas instrucións, cómpre remitirse á normativa de referencia –

ÍNDICE:

(salvo indicación en contrario, o articulado entre paréntese é referido á Resolución do 27 de abril)

1. Calendario escolar (art. 3)
2. Adaptación das titorías (art. 5)
3. Adaptación da actividade (art. 4)
4. Currículo e programación didáctica: criterios (art. 6)
5. Decisións respecto aos criterios de promoción e titulación.
 - 5.1. Consideracións xerais para todas as ensinanzas. (art. 7)
 - 5.2. Decisións para a ESO.
 - 5.3. Decisións para Bacharelato.
 - 5.4. Decisións para a F.P.B. e Ciclos formativos.
6. Resumo da Resolución do 23 de abril. FCT de ciclos formativos: decisións de centro.



1. Calendario escolar (art. 3).

- 1.1. A actividade lectiva rematará o **20 de xuño** tal como se indica na Resolución do 27 de abril.
- 1.2. Modificación da avaliación de 2º de bacharelato (antes do 9 de xuño); proposta de centro para o **venres 5 de xuño**.
- 1.3. **Calendario de FCT:** Na vindeira reunión da CECOP o van a abordar. Fixaremos datas de comezo e final tanto para as posibles presenciais como as substituídas por actividades. (Referencia para a súa realización: Resolución de 23 de abril).

2. Adaptación das titorías (art. 5)

- 2.1. Publicaremos na nosa web **aquelas titorías que de xeito voluntario** ofrezan atención por videoconferencia. Para a atención de todas as familias as/os titores teñen a obriga de comunicarse por **correo electrónico**.
- 2.2. Do mesmo xeito publicaremos na nosa web **aquel profesorado con horario fixo de videoconferencia semanal para atender ao alumnado**, clasificado por grupos e cursos (iremos actualizando xa que a día de hoxe seguen incorporándose a esta modalidade). A recomendación para o profesorado é elixir algunha das horas que tiña de xeito presencial co alumnado.
- 2.3. A **plataforma para videoconferencias recomendada é webex**, proporcionada pola Consellería de Educación. Recomendamos para un correcto desenvolvemento conectar os equipos informáticos preferentemente por cable e que o alumnado silencie os micrófonos salvo que o alumnado desexe intervir.
- 2.4. O **Departamento de Orientación** continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e **programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade**, adaptándoas á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional. Podedes contactar co departamento de orientación a través do correo espina@edu.xunta.gal

3. Adaptación da actividade (art. 4)

- 3.1. Se combinarán de maneira integrada **actividades presenciais e a distancia** en función da evolución da situación sanitaria: entendemos que existe unha porta aberta á incorporación progresiva por niveis. Namentres isto non suceda, a programación das actividades estará orientada ao desenvolvemento a distancia.
- 3.2. **Adaptación dos recursos para a atención a alumnado con NEE:** adaptación de instrumentos, tempos e apoios. Especial coidado na atención ao alumnado NEAE. Dende o Departamento de orientación adaptárase o Plan Xeral de atención á diversidade á situación de confinamento.



4. Currículo e programacións didácticas.

- 4.1. **Revisión das programacións didácticas** para centrar as actividades do terceiro trimestre nas **aprendizaxes e competencias imprescindibles, flexibilizando** os seus plans de traballo e coidando de **non penalizar** ou afectar ao benestar do seu alumnado, **nin sobrecargalo de tarefas** excesivas.
- 4.2. Desenvolveranse **actividades de recuperación, repaso, reforzo e ,no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores**. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e **competencias clave máis necesarios** para a adecuada progresión do alumnado e que requiran a **mínima intervención docente**.(art. 6.3.)
- 4.3. Para o alumnado que **non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso**, proporánselle actividades que **lles axuden a adquirilas e superar a materia**, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo(art. 6.4.) Isto significa que o alumnado que teña algunha materia suspensa nas dúas primeiras avaliacións, o obxectivo prioritario será recuperalas.
- 4.4. Os currículos, programacións e actividades que se desenvolvan durante o terceiro trimestre nos cursos que conducen a unha **titulación final de etapa** terán especialmente en conta esta circunstancia e **flexibilizaranse e adaptaranse** para axudar en todo o posible a que o seu alumnado poida alcanzala. (art. 6.5.)
- 4.5. **Publicidade:** as adaptacións das programacións publicaranse nun espazo da web do centro, sen perxuício da obriga do profesorado de comunicarlhas ao seu alumnado.

5. Decisións respecto aos criterios de promoción e titulación.

5.1. Consideracións xerais para todas as ensinanzas. (art. 7)

- 5.1.1. **Obxectivo prioritario:** que o alumnado non perda o curso e poida avanzar na súa formación.
- 5.1.2. **A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas**, considerándose a **repetición de curso una medida moi excepcional**, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias, ámbitos ou módulos non superados, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun **plan preciso de recuperación** para cada alumno ou alumna.
- 5.1.3. A avaliación e cualificación do alumnado adaptarase tendo en consideración que se realizará sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso**, así como sobre as **actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma** polo Real Decreto 463/2020, **sempre e cando beneficie ao alumnado**. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.
- 5.1.4. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu **carácter**



diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os **avances realizados e os atrasos** que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas **na fase non presencial so poderá ter valor positivo** para a cualificación do alumnado.

- 5.1.5. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das **materias pendentes**: no caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba **podrá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva**. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes. **A recomendación do centro é non convocar ao alumnado a probas telemáticas** ante a dificultade de asegurar o acceso á mesma en condicións de igualdade.
- 5.1.6. Nesta liña o centro **propón como base do cálculo da nota da avaliación ordinaria** a seguinte fórmula que **cada departamento adaptará ou modificará, reflectindo o procedemento de cálculo nas correspondentes adaptacións das programacións**: un 40% de peso á primeira avaliación, outro 40% de peso á segunda avaliación e un 20% á terceira sempre que a nota correspondente a esta sexa superior á media das dúas anteriores.
- 5.1.7. Os centros educativos e o profesorado emitirán un **informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso**, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.
- 5.1.8. Para a **convocatoria extraordinaria de setembro**, a materia a examinar referirase as aprendizaxes impartidas **durante os dous primeiros trimestres**. A parte de materia que se puidese ter avanzado no terceiro trimestre non entrará na proba extraordinaria.

5.2. Decisións para a ESO (Res. 27 abril: II Directrices específicas por ensinanzas)

- 5.2.1. Os criterios de avaliación e cualificación identificarán e valorarán especialmente as **aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles** para a continuidade do proceso formativo do alumnado, **reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres** do curso. Estes criterios de avaliación terán **carácter diagnóstico** e valorarán a progresión e consecución dos **obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave**.



- 5.2.2. As actividades de avaliación do terceiro trimestre terán en todo caso **carácter diagnóstico**.
- 5.2.3. As decisións para que un alumno ou alumna se incorpore a un **Programa de Mellora da aprendizaxe e do rendemento, a un ciclo formativo de Formación Profesional Básica ou a outros programas específicos** regulados pola Administración educativa en ningún caso poderán adoptarse atendendo ao aproveitamento do terceiro trimestre.
- 5.2.4. **Flexibilizaranse**, de maneira excepcional durante o curso 2019-2020, **os criterios de promoción** en todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, **sen ter en conta limitacións que afecten ao número de materias pendentes**.
- 5.2.5. Os alumnos e as alumnas **promocionarán de curso e a repetición** consideraranse unha medida de **carácter excepcional**, que se adoptará, en todo caso, de maneira colexiada polo equipo docente en **función da evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial**.
- 5.2.6. Para obter a **titulación non se terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes**.
- 5.2.7. Os equipos docentes poderán adoptar as **decisións colexiadas de promoción e de titulación** tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.
- 5.2.8. As **decisións sobre promoción tomaranse nas correspondentes sesións de avaliación de xeito colexiado** segundo o estipulado nos puntos anteriores. Neste sentido establécese como guía para a promoción que o **criterio a seguir** será que o alumnado acade os aprendizaxes correspondentes á maioría dos obxectivos xerais de etapa e das competencias clave.
- 5.2.9. As **decisións sobre titulación en 4º da ESO tomaranse nas correspondentes sesións de avaliación de xeito colexiado** segundo o estipulado nos puntos anteriores. Neste sentido establécese como guía para a titulación que o **criterio a seguir** será que o alumnado acade os aprendizaxes correspondentes á maioría dos obxectivos xerais de etapa e das competencias clave, amosando ademais unha madurez formativa de cara a estudos posteriores.
- 5.2.10. Os equipos docentes poderán adoptar as decisións colexiadas de promoción e de titulación tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.

5.3. Decisións para Bacharelato. (Res. 27 abril: II Directrices específicas por ensinanzas)

- 5.3.1. Os criterios de avaliación e cualificación identificarán e valorarán especialmente as **aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles da etapa**, xunto á capacidade do alumnado para **aprender por si mesmo**, para **traballar en equipo** e para aplicar os **métodos de investigación apropiados**.



- 5.3.2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado durante o terceiro trimestre do vixente curso escolar, será **continua e diferenciada segundo as materias**, terá un **carácter diagnóstico e formativo**.
- 5.3.3. A avaliación centrarase na **adquisición das competencias clave e dos contidos máis relevantes en cada materia**, impartidos **no primeiro e no segundo trimestre** ata o pasado 13 de marzo, así como a **evolución académica e madurativa** demostrada polo alumno ou alumna ao longo do curso e da etapa.
- 5.3.4. Os alumnos e as alumnas **promocionarán de curso e a repetición** considerarase unha medida de **carácter excepcional**, que se adoptará, en todo caso, de maneira colexiada polo equipo docente en **función da evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial**.
- 5.3.5. En consecuencia, poderase **promocionar con máis de dúas materias pendentes sempre e cando a xunta de avaliación así o acorde**, considerando entre outros criterios que a evolución do alumno ou alumna foi positiva, demostrando unha madurez persoal e académica que o capacitan para alcanzar os obxectivos e as competencias clave no segundo curso co correspondente programa de reforzo.
- 5.3.6. Para **obter o título de bacharel** será necesaria, con **carácter xeral**, a **avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato**.
- 5.3.7. A xunta avaliadora **poderá flexibilizar, de maneira excepcional**, os criterios de obtención do título de Bacharelato sen ter en consideración as limitacións que afecten ao número de materias non superadas, cando, ao seu xuízo, o alumno ou alumna teña adquiridos suficientemente os **obxectivos xerais da etapa** que lle permitan **continuar o seu itinerario académico**. Neste caso, a decisión de titulación **basearase na evolución académica** do alumno ou alumna durante o primeiro e o segundo trimestre, así como ao longo de toda a etapa e no **logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave**.
- 5.3.8. Os equipos docentes poderán adoptar as decisións colexiadas de promoción e de titulación tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.

5.4. Decisións para a F.P.B. e Ciclos formativos. (Res. 27 abril: II Directrices específicas por ensinanzas)

- 5.4.1. **Primeiro curso de réxime ordinario:** No caso de **resultados de aprendizaxe asociados a un módulo formativo que resulten esenciais** e que non puideron desenvolverse debido ás circunstancias excepcionais deste curso, establecerase o **procedemento que se considere máis axeitado** para que todo o alumnado poida adquirir os ditos resultados de aprendizaxe. A tal efecto poderase ubicar noutro módulo profesional diferente, propio de 2º curso, nas programacións didácticas dos departamentos. Así mesmo, poderán incorporaser actividades de formación ao inicio do próximo curso, que



garantan a consecución dos resultados de aprendizaxe afectados pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- 5.4.2. **Segundo curso:** Flexibilizaranse e adaptaranse os criterios de avaliación dos módulos profesionais de formación en centros de traballo e de Proxecto, no seu caso, atendendo ás especiais circunstancias e á dificultade da súa realización por parte del alumnado. Así mesmo, en relación ao desenvolvemento da FCT e do módulo de Proxecto estarase ao disposto na **Resolución do 23 de abril de 2020.**
- 5.4.3. Compre neste sentido que os departamentos **adapten os plans de recuperación** correspondentes á terceira avaliación e á ordinaria, á situación de actividade lectiva non presencial. Estes plans van dirixidos ao alumnado que non accedeu á FCT por ter módulos non superados ou suspenderon os exames de recuperación de PD.
- 5.4.4. As actividades de avaliación do terceiro trimestre terán en todo caso **carácter diagnóstico e formativo.**
- 5.4.5. Así mesmo, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo ao **carácter continuo** da mesma, e tendo en conta o regulado no artigo 27.3 da Orde de 12 de xullo de 2011, **a partir das avaliacións anteriores** e ás actividades desenvoltas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.
- 5.4.6. Durante o curso 2019-2020 flexibilizaranse, de xeito excepcional, os **criterios de promoción en todas as ensinanzas de Formación Profesional, no réxime ordinario.** Neste sentido, a decisión de centro é a flexibilización dos resultados de aprendizaxe correspondentes aos diferentes módulos dos ciclos formativos. **A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional.** Non serán tidas en conta as limitacións para pasar de curso que afecten a módulos pendentes.
- 5.4.7. Na **Formación Profesional Básica, flexibilizaranse os criterios de titulación,** atendendo ao carácter continuo, formativo e integrador da avaliación destas ensinanzas.
- 5.4.8. Respecto á **obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria por parte deste alumnado,** teranse en conta criterios de flexibilización similares aos aplicados en 4.o de ESO a efectos de titulación.
- 5.4.9. No caso de ciclos de grao medio e grao superior, flexibilizaranse os criterios de titulación, atendendo a **principios xerais de adquisición da competencia xeral** do título e non da superación da totalidade dos módulos formativos.

6. **Resumo da Resolución do 23 de abril. FCT de ciclos formativos: decisións de centro.**

- 6.1. Para o desenvolvemento da FCT dentro do período ordinario e fóra deste, estarase ao disposto nos artigos 1 e 2 da Resolución do 23 de abril.



- 6.2. Nos ciclos de grao medio e de grao profesional básico pódese substituír a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I da Resolución do 23 de abril. Nos ciclos de grao superior poderase integrar o módulo de FCT e o do proxecto cunha duración total de 245 hs. En reunión mantida coas xefaturas de departamentos de ciclos, a opinión maioritaria é seguir unha liña común no noso centro para os cursos de 2º de ciclos de grao medio e superior, substituíndo a FCT pola proposta de actividades elaborada polo equipo docente de cada grupo, salvo aquel alumnado que desexe **facela de xeito presencial** e as titorías dos grupos garanticen que hai empresas de abondo para desenvolve-la en condicións de seguridade para o alumnado.
- 6.3. Respecto a avaliación dos apartados d) e) f) do artigo 1 da Resolución, remite ao establecido no artigo 21, alínea b), da Orde do 12 de xullo de 2011 e na disposición décimo segunda da Resolución do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019-2020. Isto significa que **será o equipo docente do curso coordinado desde a titoría o que valore este módulo**; ao non poderse facerse de xeito presencial (con alta probabilidade) artellaranse medidas para a realización deste módulo de acordo aos criterios de avaliación previamente fixados. Estas medidas poden consistir en reunións do profesorado vía webex (ou calquera outra plataforma de videoconferencia), envío da valoración por correo electrónico ao docente responsable da titoría ou calquera outra.
- 6.4. En canto as autoridades competentes fixen unha data para poder desenvolver a FCT de xeito presencial, **fixaremos os calendarios correspondentes ás mesmas**, tanto de xeito presencial como a substitución da mesma polas actividades programadas polos equipos docentes (xa se pode ir traballando nesta liña).
- 6.5. O alumnado afectado pola suspensión ou a interrupción da mobilidade para a realización do módulo de FCT por causa da pandemia COVID-19, no marco do **programa de mobilidade Erasmus+** ou de calquera outra mobilidade, poderá acollerse a algunha das alternativas indicadas anteriormente para iniciar ou continuar o desenvolvemento do módulo tanto dentro como fóra do territorial español, de ser o caso.

En Pontevedra, a 2 de maio de 2020.

Asdo.

David Alvariño Pérez.

Director.